

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 1 CINTA 4



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0004_001_en_0_00_00_id625_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0004_001_en_0_00_00_id625.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o primeiro corte dos que se divide a cuarta das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala da función que tiñan os rapaces a bordo das embarcacións.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 24 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, limpeza da embarcación , rapaz , infancia , chalana

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRIPCIÓN DO CORTE Nº 1 DA CINTA 4



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

P: ¿A función dos rapaces?

R: A función dos rapaces era estar ó servizo do patrón.

P: ¿Cantos rapaces levaba cada barco?

R: Un ou dous.

P: Un ou dous si.

R: Sempre, si poden ser, se eran fillos de...

P: De mariñeiros.

R: E sempre ó terminar, ó marchar a xente, e ó amarrar o barco no puerto, eran eles os encargados de limpiar o barco.

P: Eles se encargaban de limpiar o barco, e de amarralo.

R: Amarralo xa o patrón.

P: Amarralo o patrón, e cando se levaba ó morto igual, eles limpaban o barco no morto...

R: Limpaban a parte de cuberta.

P: Si a parte de cuberta, o baldeaban vamos.

R: Si baldealo e iso... limpalo.

P: Despois viñan para terra en chalana.

R: Pois na mesma chalana de servizo que tiña o barco viñan para terra, e os rapaces se non terminaron pois iban para bordo e limpaban outra vez, non estaban a servizo dos caprichos de calquer mariñeiro ¿non? claro, porque cada un tiña a súa función.